

TÉCNICAS DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS EN ATENCIÓN TEMPERÁ. CURSO DE INTRODUCCIÓN



Nº de expediente: SA301A_2023/16- 1 Recoñecido de interese sanitario

FUNDAMENTACIÓN

O encontro coas familias supón para os profesionais unha situación delicada e a veces complexa. Na sociedade actual, crease un modelo de crianza que distorsiona un crecer saudable, e dificulta os procesos de autonomía dende a incompetencia no exercicio da autoridade, os pais e as nais atópanse a veces sen recursos para soste a crianza, sen o tempo suficiente para aportar os elementos necesarios que axuden aos seus fillos a medrar con seguridade.

Hoxe atopámonos sen criterios profesionais xeneralizados e sen modos de actuar consensuados, o que nos deixa ante criterios e recomendacións individuais e parciais.

Neste espazo de reflexión daranos a oportunidade para discriminar problemas xerais da crianza, o modo de vida e os roles profesionais. Así como poder desenvolver criterios para afrontar as múltiples situacións cotiáns, permitir entender o por qué, evitar desgastes innecesarios e clarificar o lugar do rol profesional

IMPARTIDO POR

Rocío García Castro. Psicóloga Clínica e coordinadora de proxectos socio-educativos. Dende o 2003 psicóloga das familias do SAT- Servicio de Atención Temperá e coordinadora das Escolas Municipales de Pais e Nais (2003- 2020), no Concello de Noia. Formadora de Profesionais de novos Servizos de Atención Temperá dende 2019

OBXECTIVO XERAL

Reflexionar sobre algunhas ferramentas para optimizar a relación coas familias dos nenos e nenas en Atención Temprá.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Analizar a problemática da intervención coas familias en Atención Temprá.
2. Capacitar acerca dos psico-dinamismos que xorden na relación profesional-familia.
3. Desenvolver criterios que sirvan de marco de referencia para o proceso de transformación e a búsqueda de alternativas na intervención familiar.

CONTIDOS

1. A familia no contexto socio-cultural: Vínculo. Comunicación. Aprendizaxe.
2. Medrar en familia: Roles. Espazos. Límites.

Nº PARTICIPANTES: Entre 15 e 25. **Nº HORAS PRESENCIAIS :** 8 horas

LUGAR – ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACION PÚBLICA. AULA 2.
Rúa Madrid 2. Polígono de Fontiñas. Santiago de Compostela

CRONOGRAMA

Día y mes	Horario	Contido	Docen
28/10/2023	09:30-13:30 h	A familia no contexto socio-cultural: Vínculo. Comunicación. Aprendizaxe.	Rocío García Castro
	13:0-15:30 h	Descanso/Comida	
	15:30-19:30 h	Medrar en familia: Roles. Espazos. Límites.	Rocío García Castro
Resume horas presenciais do curso			
Total horas de teoría		4	
Total horas de prácticas		4	
Total horas		8	

DESTINATARIOS:

Profesionais da atención temperá e do ámbito sanitario, educativo e social de 0-6 anos

PRAZAS:

Limitadas. Por rigorosa orde de recepción da solicitude de inscrición e pagamento.

COTAS:

Ata o día 2 de OUTUBRO de 2023 :

- Cota de inscrición socios/as AGAT: 60 €
- Cota especial: Inscrición + Asociación AGAT: 70 €
- Cota de inscrición de non-socios/as: 90 €

Ata o día 16 de OUTUBRO de 2023 :

- Cota de inscrición socios/as AGAT: 75 €
- Cota especial: Inscrición + Asociación AGAT: 100 €
- Cota de inscrición de non-socios/as: 120 €

INSCRICIÓN

- Entrar en "Contacto" na páxina principal da web da AGAT: <https://www.atenciontemprana.com>
- Cubrir o formulario poñendo os vosos datos persoais, profesión e lugar de traballo
- No apartado "e-mail" poñede, por favor, o voso enderezo electrónico, para poder enviarnos notificacións.
- Na ringleira de "asunto" escribir "Inscrición Curso Técnicas Familias"
- Finalmente premer (pinchar) no botón "Enviar".
- Inmediatamente recibiredes unha mensaxe automática de saída da vosa solicitude.
- Posteriormente, un correo de "AGAT Formación" (formacion@atenciontemprana.com) confirmaravos a recepción da vosa solicitude e informaravos de que para formalizar a matrícula tedes que ingresar a cota correspondente na conta:

C/C da AGAT **ES07 2080 0553 50 3040005038** ABANCA

- A admisión ao curso será efectiva cando recibades outro correo de "AGAT Formación" **confirmando** o ingreso da vosa cota de inscrición na conta da AGAT.

Condições de uso, pago, cancelación e devolución dos cursos

A Organización resérvase o dereito de suprimir e/ou modificar datas e lugares en caso de non contar cun mínimo de participantes. Nestes casos notificarase aos participantes con anticipación, devolvéndolles, así mesmo, integramente o diñeiro da inscrición abonada. En caso de cancelación da inscrición esta será devolta na súa totalidade se se realiza 30 días antes do inicio do curso cunha penalización de 5 euros por gastos de xestión e administrativos. Non se realizará ningún reembolso se a cancelación realizase nos últimos 30 días. En caso de suspensión do curso ou modificación de datas, outorgarase un reembolso completo ou unha nova inscrición noutro curso de idénticas características.

Anulación ou modificación de cursos por parte do Organizador

A Organización resérvase o dereito de suprimir e/ou modificar datas e lugares en caso de non contar cun mínimo de participantes. Nestes casos notificarase aos participantes con anticipación, devolvéndolles, así mesmo, integramente o diñeiro da inscrición abonada ou unha nova inscrición noutro curso de idénticas características ou diferente prezo devolvendo a diferenza se o prezo é inferior ou solicitando a diferenza se o prezo é superior.

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA:

atenciontemprana@atenciontemprana.com

agat@atenciontemprana.com

Tlfno. 698 124 611